



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.gal
Tél: 986 222484 - Fax: 986 221484
C/As. do Nogo, 43 Balm. - 31100
SANTOUSTO DE BAI



COMUNICADO Nº 065/20
17 DE ABRIL DE 2020

□ "DECÁLOGO DE PROTOCOLO DE SEGURIDADE PARA PROBAS DEPORTIVAS DE AUTOMOVILISMO EN GALICIA":

A Federación Galega de Automobilismo está elaborando un "protocolo de seguridade", para os seareiros e comisarios-voluntarios, en onde se reflexa:

1.- Nas probas en vía pública e circuítos indícarase ó público e deportistas-asistencias da necesidade dun prudencial distanciamento de dous metros.

2.- Utilizar elementos (EPI) de protección individual.

3.- Os organizadores proveeran aos seus comisarios e cronometradores de máscaras de plástico integrais.

4.- Intentar cos treitos espectáculo se fagan en lugares abertos, en onde o público se poda separar, ou substituílo por un treito de subida que non se realice nos bucles definidos no rallye.

5.- Evítala concentración de seareiros nas cerimoniais de saída; de facelas terá que ser en lugares abertos e non no centro das cidades-vilas.

6.- As entregas de premios teranse que facer en lugares abertos, e non en recintos pechados.

7.- Faranse panfletos, para distribuír aos seareiros, de que en cada curva non poderán xuntarse máis de cincuenta persoas.

8.- Os comités organizadores indícarán ós comisarios técnicos, deportivos, de ruta, e cronometradores das medidas de seguridade e distanciamento a seguir durante o desenrolo do evento deportivo.

9.- En tódolos eventos solicitar axuda aos comités locais de Protección Civil para que colaboren co comité organizador na implantación das medidas de seguridade.

10.- Solicitar, por instancia, a colaboración dos Corpos de Seguridade do Estado, Autonómico, e Policía Local para o desenrolo e boa marcha dos eventos deportivos.

**COMISIÓN EXECUTIVA DA
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**